

## coordinación

Raquel Martínez Buján (ESOMI-UDC)  
Antía Pérez Caramés (ESOMI-UDC).

#### **comité organizador**

Sara Bolón Canedo (UDC)  
Belen Fernández Suárez (UDC)  
Montserrat Golías Pérez (ESOMI-UDC)  
Raquel Martínez Buján (ESOMI-UDC)  
Isabel Novo Corti (UDC)  
Ana Pérez Caramés (ESOMI-UDC)

## **comité científico**

Raquel Martínez Buján (ESOMI-UDC)  
Isabel Novo Corti (UDC)  
Antía Pérez Caramés (ESOMI-UDC)

#### **INFORMACIÓN E INSCRIPCIONES:**

**Equipo de Socioloxía das Migracións Internacionais (ESOMI)**  
Facultade de Socioloxía  
Universidade da Coruña  
C/Campus de Elviña, s/n  
15071 A Coruña  
(Acceso Autobús E Universidad)  
Teléfono 981 16 70 00 - Extensión 4852

Inscripción gratuita mediante o envío dun correo electrónico onde conste nome, apelidos e dni a: sara.bolon@udc.es

Para más información visite:  
<http://www.esomi.es>

FINANCIADO POR:



## Mulleres migrantes

traballo de coñados e Servizo Doméstico



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## Mulleres migrantes

#### **traballo de coidados e Servizo Doméstico**

xoves 2 de maio de 2013

Universidade da Coruña  
Facultade de Socioloxía  
(Salón de Graos) C/Camp

**Inscripción gratuita en:** sara.bolon@udc.es

## Mulleres migrantes

### traballo de coidados e Servizo Doméstico

O envellecemento da poboación, os cambios nas experiencias socioprofesionais das mulleres e a diminución de redes sociais que apoian os coidados familiares están a desafiar o labor da protección social e ponen en evidencia novas fórmulas de atención persoal nos fogares na procura dunha conciliación laboral e familiar. A aprobación dun marco estatal de regulación da dependencia (A Lei de Promoción e Autonomía das Persoas en Situación de Dependencia) coa proliferación de transferencias económicas é na actualidade a resposta institucional para a provisión destes coidados de longa duración. Sen embargo, a pesar deste desenvolvemento da política social, a contratación dunha empregada de fogar como coidadora está a ser unha alternativa seguida por moitas familias, nalgúns casos, animadas polo axuste destes subsidios monetarios. A presenza do servizo doméstico muda a organización dos coidados familiares pero non supón unha división sexual e xeracional máis equilibrada na asunción destas tarefas. A aceleración das chegadas de poboación inmigrante, feminizada e en situación irregular, propicia que este sector dos coidados dentro do servizo doméstico, se converte nun nicho laboral para as persoas estranxeras e na principal opción para a privatización dos coidados familiares debido aos seus baixos custos comparado con outras opcións mais profesionalizadas (por exemplo, empresas privadas).

Estas xornadas configúranse como un espazo de debate e reflexión sobre cales son as implicacións da contratación de empregadas do fogar sobre a calidade dos coidados, a extensión do mercado privado de atención persoal, o papel das mulleres migrantes nestes procesos e como se está a producir a reorganización dos coidados familiares. En definitiva, trataranse de identificar os factores que promoven a proliferación deste mercado laboral de coidados dentro do servizo doméstico (dirixido principalmente a persoas maiores) e os elementos que inciden en que sexan os parentes (principalmente mulleres) os que realicen as tarefas de coidados. Considerando que ambas estrateixas están relacionadas coa incorporación da muller ao mercado laboral e coa actual tendencia da política social de subvencionar mediante prestacións económicas os coidados familiares abrerase este lugar de discussión que pescudará a influencia de ambas variables sobre a estruturación dos coidados nos fogares.



9:30 a 10:00 h

#### Inauguración

Ana Jesús López Díaz (Directora da Oficina de Igualdade de Xénero), Laura Oso Casas (Coordinadora do equipo ESOMI e Vicedecana da Facultade de Socioloxía)

10:00 a 12:00 h

#### Aproximacións á epistemoloxía dos coidados: materialidades, emocións e moral

Modera: Raquel Martínez Buján

• *Morale e emocións nos coidados.*

Maite Martín Palomo (Profesora Axudante, Universidad Carlos III de Madrid)

• *Para unha fenomenoloxía do coidado.*

José María Muñoz Terrón (Profesor Contratado Doutor, Universidad de Almería)

• *Actitudes e discapacidade.*

Isabel Novo Corti (Catedrática de Escola Universitaria, Universidade da Coruña)

12:00 a 12:30 h

#### Pausa café

12:30 a 14:00 h

#### Redes familiares e solidaridade interxeracional

Modera: Isabel Novo Corti

• *Estrateixas familiares de coidados nas zonas rurais.*

Begoña Elizalde San Miguel (Profesora Axudante, Universidad Carlos III de Madrid).

• *Coidados, coidadoras familiares e clase social.*

Evangelina Olid González (Profesora da Universidad de Sevilla).

• *Os coidadores das persoas con dependencia e os seus dereitos.*

Inmaculada Zambrano Álvarez (Doutora en Socioloxía e Profesora Asociada da Universidad Pablo Olavide de Sevilla).

• *O capital social e a forxa dunha carreira no sector de coidados.*

Antía Pérez Caramés (Profesora Contratada Doutora da Universidade da Coruña)

14:00 a 16:00 h

#### Pausa comida

16:00 a 18:00 h

#### O servizo doméstico como unha vía para a privatización dos coidados

Modera: Antía Pérez Caramés

• *Novas pautas na privatización do traballo familiar de coidados.*

Raquel Martínez Buján (Profesora Contratada Doutora, Universidad da Coruña)

• *Cambios e desafíos no sector do servizo doméstico.*

Magdalena Díaz Gorinkiel (Profesora Axudante Doutora, Universidad Carlos III de Madrid).

• *Mulleres inmigrantes no servizo doméstico: procesos de exclusión e estrateixas na crisi.*

Lucía Martínez Virtó (Doutora en Socioloxía e Investigadora do equipo ALTER, Universidad Pública de Navarra)

18:30 h

#### Clausura

Antonio Izquierdo Escrivano (Catedrático de Socioloxía).